

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ENTIDADE COLABORADORA ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. PARA A INSTRUMENTACIÓN DA AXUDA ECONÓMICA ÁS PERSOAS BENEFICIARIAS DA TARXETA BONO TURÍSTICO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou con Abanca Corporación Bancaria, S.A. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten como obxecto establecer o marco da colaboración entre as partes asinantes para a instrumentación da axuda económica para os beneficiarios do programa Bono Turístico no ano 2022.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como 2 obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade. Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través da Axencia Turismo de Galicia, pretende impulsar unha nova edición do Bono Turístico QuedamosenGalicia co obxectivo de seguir colaborando e cooperando co sector turístico de



Galicia, un dos máis afectados pola situación de emerxencia de saúde pública da pandemia COVID-19.

As diferentes medidas que se tiveron que adoptar para controlar e minorar a crise sanitaria, tiveron una repercusión moi negativa no sector, sendo un dos que presentan unha maior afectación económica e de perda de emprego. Unha situación alongada no tempo máis do que se prevía, polo que a Administración autonómica, en cooperación co Clúster Turismo de Galicia, segue desenvolvendo iniciativas que permitan reactivar e relanzar o sector, propiciando a súa recuperación económica.

Entre esas iniciativa se encadra o bono turístico que persegue o mesmo fin, que non é outro estimular a demanda turística interna, a través do consumo de servizos e prestacións turísticas en calquera dos establecementos adheridos a este programa. Esta terceira edición, que pretende paliar a estacionalidade turística, promovendo o uso da tarxeta fora dos meses de verán, estará dirixida a todas as persoas maiores de 18 anos, empadroadas en calquera dos municipios de Galicia, de acordo co que se estableza nas bases reguladoras.

Terceiro.- A Axencia Turismo de Galicia debe dispoñer dun instrumento que dea soporte a xestión desta axuda que se convoca mediante a aprobación das bases reguladoras correspondentes para a súa concesión a través da Tarxeta Bono Turístico. Considerando o medio máis idóneo para facela efectiva, unha tarxeta prepago que se entregará ás persoas beneficiarias, por este motivo e de acordo co previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, convocou un procedemento de selección dunha entidade 3 colaboradora sometido aos principios de publicidade, concorrència, igualdade e non discriminación.

Cuarto.- A entidade ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A., conforme á Resolución da Dirección da Axencia Turismo de Galicia do 1 de marzo de 2022 resultou seleccionada como entidade colaboradora na xestión da axuda, a través da denominada tarxeta Bono Turístico.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e



2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la Iglesia Lema

